

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Ordenanzas e Regulamentos

ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS AO AIRE LIBRE OU NA VÍA PÚBLICA, ANEXAS A ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA DO MUNICIPIO DE LALÍN.

Tras a aprobación inicial polo Pleno da Corporación da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas a establecementos de hostalería do municipio de Lalín, na sesión extraordinaria celebrada o día 11 de decembro de 2015, e dado que durante o período de información pública non se presentaron reclamacións, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, enténdese definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. De conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 procédese á publicación do texto íntegro de dita ordenanza.

ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS AO AIRE LIBRE OU NA VÍA PÚBLICA, ANEXAS A ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA DO MUNICIPIO DE LALÍN

CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.- OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable á instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas a establecementos de hostalería, en desenvolvemento do disposto no artigo 41.b) da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica da Galicia.

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. Esta ordenanza será de aplicación, no termo municipal de Lalín, á instalación de terrazas en espazos de dominio público ou uso público e, igualmente, en espazos ao aire libre de titularidade privada aos que poida ter acceso o público en xeral.

2. Exclúense da aplicación desta ordenanza os actos de ocupación temporal da vía pública con actividades de hostalería que se autoricen con ocasión de feiras, festas, actividades deportivas ou similares.



ARTIGO 3.- INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE DOMINIO PÚBLICO OU USO PÚBLICO

1. A concesión de licenza para a instalación de terrazas en espazos de dominio público ou uso público levará implícita a autorización para utilización e ocupación especial de espazo público. En consecuencia, o acto administrativo de outorgamento da licenza terá carácter discrecional e esta concederá en precario.

2. A concesión supeditábase a criterios de minimización do uso privado fronte ao público, debendo prevalecer, en caso de conflito, o interese xeral.

3. Nestes espazos, por razóns de interese público, o concello resérvase a facultade de denegar a licenza solicitada e a de modificar ou deixar sen efecto (temporal ou permanentemente) a licenza concedida. O acto administrativo polo que se exerciten tales facultades deberá ser motivado e, en ningún caso, xerará dereito a indemnización ou compensación algunha.

4. A estas terrazas, seralles de aplicación a totalidade das disposicións contidas nesta ordenanza.

ARTIGO 4.- INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS AO AIRE LIBRE DE TITULARIDADE PRIVADA AOS QUE POIDA TER ACCESO O PÚBLICO EN XERAL

A instalación de terrazas en espazos ao aire libre de titularidade privada que non estean destinados ao uso público rexerá polo disposto nesta ordenanza, coa única excepción das condicións relativas á utilización dos espazos de dominio público ou uso público.

ARTIGO 5.- DISPOSICIÓN XERAIS DE APLICACIÓN A TODAS AS TERRAZAS

1. Ademais das disposicións relativas a establecementos públicos e actividades recreativas, a terraza deberá cumprir coa ordenación e normativa urbanística que lle poida resultar aplicable.

2. A organización de espectáculos públicos requirirá de presentación de comunicación previa ou de obtención de licenza municipal, segundo o réxime que lle resulte de aplicación.

CAPÍTULO 2. RÉXIME DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA**ARTIGO 6.- RÉXIME DE LICENZA**

A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas a establecementos de hostalería, require da previa obtención de licenza municipal.



ARTIGO 7.- SOLICITUDE DE LICENZA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. A solicitude de licenza deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 42.1 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica da Galicia.

2. Xunto coa solicitude, deberá presentarse a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva da instalación, onde se faga constar as características dos materiais empregados para mesas e cadeiras, parasoles, tarimas, cubrición e calquera outro elemento ou mobiliario que se prevea instalar ou colocar.
- No caso de levar instalación eléctrica, tanto para alumeado como para calefacción, deberase facer constar expresamente na memoria.
- Plano de situación da terraza. Planos coas dimensións da terraza e distribución do mobiliario. No caso de levar instalación eléctrica, planos de planta e alzado desa instalación. No suposto de levar tarima con ou sen cubrición, aportará ademais un plano da zona de acceso e pendente da rampla, e plano de sección acoutada. Neste último, deberá reflectirse o sistema que garanta a libre circulación da auga polo pavimento.
- Certificado técnico de seguridade do conxunto da terraza, cando se dispoña de tarima con ou sen cubrición, emitido por técnico competente.
- Seguro de responsabilidade civil.
- A documentación enumerada no artigo 42.2 da citada Lei 9/2013 que, á vista do tipo de instalación, resulte de aplicación.

ARTIGO 8.- EFECTOS E CONDICIÓN XENÉRICAS DAS LICENZAS

1. A concesión da licenza producirá os efectos previstos na Ordenanza reguladora do procedemento para a concesión de licenzas de obra, licenzas de actividade, comunicación previa e declaración responsable do Concello de Lalín (publicada no BOP de Pontevedra de 06/11/12).

2. As licenzas entenderanse concedidas coas condicións xenéricas detalladas na ordenanza municipal descrita no apartado anterior.

ARTIGO 9.- VIXENCIA DAS LICENZAS

As licenzas terán unha vixencia de cinco anos; prorrogables, unicamente, mediante acto administrativo expreso, previa solicitude do interesado.



ARTIGO 10.- OBRIGAS DO TITULAR DA LICENZA

1. O titular queda obrigado a efectuar a instalación de acordo coas condicións da licenza.
2. O titular da licenza queda obrigado a reparar cantos danos se produzan, como consecuencia da instalación.
3. Deberá manter, tanto o solo ou terreo, coma a propia instalación e os seus elementos auxiliares, en perfectas condicións de limpeza seguridade e ornato, dispoñendo para elo de todos os medios necesarios como papeleiras e cinceiros.
4. A limpeza xeral das terrazas realizarase no momento do peche do establecemento, con independencia de que en todo momento se manteñan as debidas condicións de hixiene e limpeza.
5. O mobiliario da terraza deberá ser retirado diariamente e non se poderá almacenar na vía pública durante os períodos ou tempadas de non instalación da mesma. Esta obrigaón non será aplicable ás terrazas con cubrición.

CAPÍTULO 3. CONDICIÓNS TÉCNICAS DAS INSTALACIONES**ARTIGO 11.- DEFINICIÓNS**

Dentro da propia nomenclatura de terraza, defínense:

- Terraza Convencional: formada polo conxunto de mesas, cadeiras, parasoles ou toldos, colocada directamente sobre o espazo público ou privado.
- Terraza Convencional Ampliable: terraza das mesmas características que a terraza convencional. Conta coa particularidade de que poderá ocupar o espazo público soamente os fins de semana (de venres á tarde ata o domingo á tarde) e naqueles outros períodos de tempo que determine o concello. As zonas serán determinadas previamente polo concello.
- Tarima con ou sen cubrición: nivelada coa beirarrúa ou, en rúas con pendente, para obter un espazo horizontal para a colocación de mesas e cadeiras. Estará formada por unha estrutura e un solado de material antiescorregadizo, disporá de elementos de protección (varandas) e o acceso estará adaptado. Poderá estar pechada no seu perímetro e cuberta con elementos resistentes e desmontables. Poderase instalar en espazo público ou privado.

ARTIGO 12.- LOCALIZACIÓN, DISTANCIAS E DIMENSIÓNS

1. O concello poderá autorizar a instalación de terrazas en espazos ao aire libre de titularidade privada e espazos de dominio público ou uso público, como beirarrúas, zonas de aparcamento, parques, prazas e outros espazos libres.



2. Naqueles espazos que o concello considere como de especial singularidade, poderá establecer criterios de deseño e materiais específicos para as terrazas.

3. A disposición das terrazas deberá integrarse co equipamento (sinais, farois, bancos, etc.) e co mobiliario urbano existente, de modo que non dificulte ou impida a visibilidade e o correcto uso dos elementos que xa se atopen instalados na vía pública.

4. Con carácter xeral en rúas peonís, beirarrúas anchas, parques e prazas públicas só terán dereito a colocar terrazas os establecementos con fachada a devandito espazo.

Non obstante sempre e cando exista espazo aberto, no ámbito susceptible de colocar ditas terrazas, poderanse autorizar terrazas a locais que non dean directamente a estes espazos, dentro dunha distancia máxima de 20 m desde o local, incluída a terraza.

Prohíbese expresamente a colocación en caso de ter que atravesar vías de circulación rodada, permitíndose unicamente, atravesar vías de circulación restrinxida, ou zonas limitadas a 30 km/h.

5. As terrazas disporanse separadas da zona de circulación ou do límite da beirarrúa non menos de 30 centímetros, para non entorpecer a entrada e saída dos pasaxeiros dos vehículos estacionados, debendo estar delimitada da rúa por un elemento de protección.

As terrazas adosadas ás fachadas poderán estar delimitadas por xardineiras ou biombos.

6. No caso de levar instalación eléctrica, tanto para alumeado como para calefacción, o paso do cable será unicamente aéreo, debendo de garantir unha distancia mínima ao solo de 2,50 metros. A instalación deberá cumprir coa normativa vixente. O cable será resistente e estará correctamente ancorado, de forma que non se produzan desprendementos que poidan provocar danos ou accidentes.

7. A lonxitude da terraza será a do establecemento, podendo ampliarse á dos locais lindeiros, sempre que se obteña autorización por escrito dos seus titulares ou propietarios.

A lonxitude máxima da instalación, incluídas proteccións laterais, non pasará en ningún caso dos 12 metros.

8. O ancho mínimo que deberá ter a beirarrúa para poder instalar unha terraza será de 2,00 metros. En todo caso, a ocupación máxima da terraza non poderá pasar o 50% da anchura da beirarrúa, sendo obrigatorio que, unha vez instalada, exista un espazo libre de paso de, polo menos, 1,20 metros de ancho, respectándose os itinerarios de forma continua, evitando quebras ao longo da liña da edificación.

Nos soportais deberá deixarse un espazo libre mínimo de 1,20 m para o paso peonal.



En rúas peonís, o ancho de ocupación non poderá ser superior ao 50 % do ancho da rúa peonil. Naquelas cuxo ancho sexa igual ou inferior a 4,00 metros, deixarase como mínimo un paso de 1,20 m. de ancho podendo determinarse polos técnicos municipais a localización do paso. En todo caso, a localización deberá permitir un paso libre mínimo de 3,50 metros, para o paso de vehículos de emerxencia.

9. Aínda cando o espazo reúna as condicións para a autorización dunha terraza, esta poderá non autorizarse ou autorizarse con dimensións inferiores ás solicitadas, se a súa instalación dificultase o tránsito peonil, aínda que unicamente fose en determinadas horas.

10. As terrazas convencionais ampliáveis cumprirán as mesmas características que as terrazas convencionais, pero non poderán dispor de tarima, peches, nin cubrición polas condicións específicas que deben cumprir.

A instalación dunha terraza convencional ampliable está supeditada e ligada á existencia previa dunha terraza convencional, coa particularidade de que soamente se autorizará en períodos concretos e en zonas onde determine o concello. En rúas peonís o ancho de ocupación total (terraza convencional e terraza convencional ampliable) non poderá ser superior ao 50 % do ancho da rúa peonil. Naquelas cuxo ancho sexa igual ou inferior a 4,00 metros non se autorizará a súa instalación.

11. Os servizos municipais poderán condicionar a localización, dimensións e características das terrazas por tramos de rúa, ós efectos de procurar a menor interferencia coa circulación peonil polos espazos de dominio público ou uso público.

12. En prazas públicas e espazos abertos, a superficie máxima de ocupación non poderá ser superior ao 40% do espazo susceptible de ocupación (descontando, mobiliario urbano, zonas de xogos infantís, alcorques e arboredo, etc.)

A instalación disporase no seu conxunto de forma que non se excedan os 4,5 metros de anchura e sempre que se garante un paso peonil libre de calquera obstáculo con ancho superior a 1,50 metros.

13. Non se poderán instalar terrazas fronte a portais, saídas de emerxencia, vaos de entrada e saída de vehículos nin pasos de peóns. Tampouco se poderán dispor sobre alcorques, reixas ou tapas de instalacións. E en ningún caso poderán impedir o acceso a elementos (como caixeiros automáticos, teléfonos públicos, máquinas expendedoras ou similares) instalados nas fachadas das plantas baixas das edificacións ou nos espazos de dominio público ou uso público.

14. O espazo ocupado polas terrazas deberá distar como mínimo:

- 2 metros das paradas de vehículos de servizo público.
- 1 metro dos pasos de peóns e rebaixes para discapacitados.



- 1,50 metros dos laterais das saídas de emerxencia.
- 1,50 metros dos vaos de entrada e saída de vehículos.
- 1,50 metros das cabinas de teléfonos ou caixeiros.
- 1 metro das entradas aos edificios.
- 1 metro dos colectores de lixo.

ARTIGO 13.- INSTALACIÓN DE TARIMAS

1. O concello poderá autorizar a instalación de tarimas nas zonas de aparcadoiro lindeiras ao establecemento, na beirarrúa, ou espazos peonís.

2. Deberá contar con elementos de protección.

3. Anchura e lonxitude da zona de ocupación na calzada con aparcadoiro en liña:

- A anchura non excederá en ningún caso de 2 metros nin da liña de aparcadoiro naquelas vías de circulación nas que este se atope sinalado horizontalmente, non podendo ocupar nunca o carril de circulación.
- A lonxitude da tarima tampouco excederá da que teña a fachada do establecemento, e en todo caso nunca poderá exceder os 12 metros.

4. Anchura e lonxitude da zona de ocupación da calzada en caso de aparcadoiro en batería:

- A anchura da zona de ocupación non poderá exceder o ancho da banda do aparcadoiro, non podendo ocupar nunca o carril de circulación.
- A lonxitude da tarima tampouco excederá da que teña a fachada do establecemento, e en todo caso nunca poderá exceder os 12 metros.

5. Poderán colocarse tarimas horizontais cando o grao de inclinación dunha rúa o aconselle. Estas tarimas disporán dun peche lateral ou varanda. En ningún punto presentaranse desniveis con respecto á rúa que supere os 50 centímetros de alto, polo que, se a inclinación da rúa obriga a isto, poderán ser en bancadas. Os elementos de seguridade das tarimas estarán en consonancia coa tarima e a imaxe global da terraza. O acceso será mediante rampla adaptada, cun ancho libre de paso mínimo de 0,80 m.

6. As tarimas deberán de contar cun sistema que garanta a libre circulación da auga polo pavimento.

ARTIGO 14.- PROTECCIÓNS LATERAIS

1. A área ocupada pola instalación poderá quedar delimitada por proteccións laterais que acouten o recinto da terraza para manter a seguridade da mesma, segundo as dimensións autorizadas na licenza.



2. No caso de terraza sobre tarima, a protección perimétrica é obrigatoria (salvo na zona en contacto coa beirarrúa e nivelada con esta, cando se sitúa a terraza na zona de aparcadoiro), debendo dispor dunha rampla de acceso cun ancho mínimo de 0,80 metros que estará dentro da delimitación da terraza. A altura da tarima será como máximo de 15 cm.

3. Estas proteccións laterais poderán ser fixas ou móbiles e faranse por medio de xardineiras, cortaventos, tarimas, biombos, etc., segundo o sinalado no artigo 18.

4. Non poderán pasar o ancho autorizado na licenza e, a súa altura, non será inferior a 1 metro, nin superior a 1,5 metros.

ARTIGO 15.- INSTALACIONES PECHADAS E CUBERTAS

1. Estas instalacións correspóndense con terrazas colocadas sobre tarimas e con peche perimétrico e cubrición. O peche perimétrico poderá ser opaco ata unha altura de 0,80 m. e o resto de material transparente ou tipo celosía, resistente ou aberto. O material da cuberta será resistente.

2. A altura mínima dunha instalación pechada e cuberta illada será de 2,20 metros e a máxima será de 2,50 metros. A cuberta poderá ser plana, a unha ou a varias augas, debendo respectarse, en todos os puntos da cuberta, as alturas indicadas.

3. Estas instalacións serán desmontables e estarán constituídas por elementos prefabricados, resistentes e seguros, sen elaboración de materiais en obra, podendo ter algún punto de soldadura, e se monten e desmonten mediante procesos secuenciais, podendo realizarse o seu levantamento sen demolición, sendo o conxunto dos seus elementos facilmente transportable. Serán seguras para o uso que prestan, e irán dispostas obrigatoriedade sobre tarimas.

CAPÍTULO 4. MOBILIARIO

ARTIGO 16.- CONDICIÓN DO MOBILIARIO

1. O mobiliario da terraza será homoxéneo, mantendo os criterios de deseño e materiais, non permitindo, na mesma terraza, modelos diferentes que poidan desvirtuar a homoxeneidade da mesma.

2. Naqueles espazos que o concello considere como de especial singularidade, poderá establecer criterios de deseño e materiais específicos para o mobiliario.

3. As mesas e cadeiras deberán cumprir coa normativa de seguridade vixente. Os extremos das patas das mesas e cadeiras irán provistos de gomas para minimizar o ruído de arrastre das mesmas.



4. Prohíbese a colocación de frigoríficos, máquinas expendedoras de produtos, máquinas de xogos ou similares. Non obstante, permítese a colocación de estufas.

5. Os elementos de mobiliario urbano que se instalen estarán suxeitos ao seguinte:

- O módulo tipo constitúeo unha mesa e catro cadeiras dunhas dimensións de 1,75 m x 1,75 m, cunha superficie equivalente de ocupación de 3,06 m².

Si por razóns de dimensión do espazo dispoñible non fose posible a instalación dos módulos tipo, poderán instalarse combinacións baseadas nas seguintes alternativas tipo:

- Módulo Alternativa 1; composto por unha mesa e tres cadeiras de 1,75 m x 1,25 m cunha superficie de ocupación equivalente de 2,18 m².
- Módulo Alternativa 2. Composto por unha mesa e dúas cadeiras enfrontadas 1,75 m x 0,80 m cunha superficie de ocupación equivalente de 1,40 m².

ARTIGO 17.- PARASOLES E TOLDOS

1. Permítese a cubrición de terrazas por medio da instalación de parasoles, con pé central, que abertas non excederán da superficie autorizada na licenza, debendo ter unha altura mínima de 2,20 metros e un diámetro máximo de 3 metros. Os parasoles serán de lona ou similar.

2. Non poderán disporse elementos horizontais fixos para a cubrición do espazo ocupado polas terrazas, permitíndose a colocación de toldos ou cerramentos retráctiles que deberán estar recollidos, en calquera caso, fóra do horario autorizado da actividade do local ó que se adscribe a terraza. Os toldos, parasoles e elementos similares sobre espazos de dominio público ou uso públicos deberán ter unha altura libre mínima de 2,20 metros.

3. Serán admisibles as instalacións de elementos de sombra cuxo material predominante sexa a lona nas formas enrolable á fachada ou instalación illada.

4. En referencia aos elementos de sombra enrolables á fachada, a instalación deste tipo de elemento, dentro dos que se inclúen toldos, estores, screens e outros análogos, estará sempre supeditada ao regulado para este tipo de elementos polas normas urbanísticas vixentes.

ARTIGO 18.- ELEMENTOS DELIMITADORES

Os elementos delimitadores non poderán exceder a superficie da terraza autorizada na licenza e poderán ser:

- 1.—Xardineiras.
- 2.—Biombos, nas condicións establecidas.
- 3.—Varandas.



CAPÍTULO 5. RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 19.- REMISIÓN NORMATIVA

Será de aplicación o réxime sancionador establecido, na regulación integrada do exercicio de actividades, pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica da Galicia.

ARTIGO 20.- ESPECIALIDADE DAS INFRACCIÓNS LEVES

Ademais das previstas na citada Lei 9/2013, considérase infracción leve calquera acción ou omisión que contraveña o disposto na presente ordenanza, cando non proceda a súa cualificación como infracción moi grave ou grave.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

Queda derogada a Ordenanza reguladora de terrazas de hostalería na vía pública do Concello de Lalín (publicada no BOP de Pontevedra de 26/10/05).

Igualmente, quedan derogadas cantas normas, acordos ou resolucións municipais sexan incompatibles ou se opoñan ao establecido nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA.- En defecto de regulación específica contida nesta ordenanza, será de aplicación o establecido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica da Galicia.

SEGUNDA.- Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lalín, a 8 de febreiro de 2016.—O Alcalde, Rafel Cuíña Aparicio.

